

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARIÑO

Bases convocatoria 2018 subvencións "Cariño Emprende"

A N U N C I O

Aos efectos de xeral coñecemento faise público o acordo da Xunta de Goberno local de data 11/10/2018 polo que se aproban as **bases da convocatoria do programa "Cariño Emprende" de axuda á creación de empresas, fomento do emprego e desenvolvemento do tecido empresarial para o ano 2018**, e cuxo teor literal se reproduce a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente programa da Concellería de Emprego, Turismo e Medio Ambiente, con fin de levar a cabo o cumprimento dos obxectivos adquiridos polo Concello de Cariño, ten como obxecto paliar o desemprego na localidade a través do fomento de novas iniciativas empresariais e do apoio a novas contratacións, así como o desenvolvemento do noso tecido empresarial. A finalidade destas axudas é a de crear unha situación favorable e suficientemente sólida, tanto para que os emprendedores podan afrontar o reto de poñer en marcha un proxecto empresarial, como para que as empresas podan asumir novas contratacións de persoas desempregadas, ou realicen melloras nas súas actividades produtivas.

1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria, para o ano 2018, das axudas e subvencións da Concellería de Emprego Turismo e Medio Ambiente do Concello de Cariño, enmarcadas no Plan Municipal Cariño Emprende 2018, coa finalidade de incentivar a actividade económica e a xeración de emprego no termo municipal, a través dos seguintes programas:

- Programa I: Axudas municipais á creación de empresas.
- Programa II: Axudas municipais á contratación.
- Programa III: Axudas municipais á mellora do tecido empresarial.

As bases reguladoras de cada unha das liñas incorporanse como anexo desta convocatoria, formando parte integrante da mesma.

2. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP). A solicitude farase segundo os modelos establecidos nos Anexos de cada programa, e presentarse no Rexistro do Concello de Cariño, dirixidas o Alcalde-Presidente, ou por calquera outro medio establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto coa solicitude, aportarase a totalidade da documentación establecida para cada programa.

En aplicación do artigo 53 d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os cidadáns quedarán eximidos da presentación de calquera dos documentos que se establecenen nas bases cando calquera dos mesmos se atopara en poder do propio Concello. A tal fin, os/as interesados/as deberán indicar a data e o órgano de presentación do documento en cuestión.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO

3.1.-As axudas que se concedan ó abeiro destas bases e a convocatoria faranse con cargo ao Orzamento, na aplicación orzamentaria 241.48900 - Fomento do Emprego, outras transferencias- por un importe total de 60.000 Euros distribuídos entre os tres programas deste xeito:

- Programa I de Axudas municipais á creación de empresas: 20.000 Euros.
- Programa II de Axudas municipais á contratación: 20.000 Euros.
- Programa III de Axudas municipais á mellora do tecido empresarial: 20.000 Euros.

Poderase presentar solicitude e ser beneficiario/a de dous programas de axudas, só se poderá concorrer a unha solicitude por programa e persoa/empresa/entidade beneficiaria. Pola natureza de cada programa aqueles que opten polo programa I de axudas á creación de empresas poderán ser beneficiarios ademais do programa II de axudas municipais á contratación, quedando excluído para este primeiro caso o III programa. Por outra banda, aqueles que soliciten o III programa de axudas municipais á mellora do tecido empresarial poderán ser beneficiarios do programa II de axudas municipais á contratación.

Unha vez valoradas as solicitudes, e no caso de que non se chegasen a cubrir as contías orzamentarias dalgún dos programas, este excedente de crédito trasladarase ós outros programas co propósito de poder atender a demanda das axudas.

En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria de referencia, no momento en que se dite a resolución da concesión.

4. AUTORIZACIÓNS

4.1-A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano instrutor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e ó Concello de Cariño, segundo o establecido no artigo 20 da lei 09/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que se lle requira deberá presentar certificacións.

4.2-Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá expresamente autorización ao Concello de Cariño para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida.

Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o Concello das Cariño como responsable dos ficheiros, en conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o Real Decreto-ley 5/2018, de 27 de julio, de medidas urgentes para a adaptación del Derecho español a la normativa de la Unión Europea en materia de protección de datos.

5. PROCEDIMENTO DE INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN E CONCESIÓN DAS AXUDAS

5.1-O procedemento de concesión da subvención recollida nestas bases axustarase o disposto no art. 19.1 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño, establecerase unha prelación das mesmas dacordo cos criterios establecidos nas presentes bases. As subvencións serán adxudicadas seguindo este orde ata o esgotamento do crédito orzamentario. Con todo, non será necesario fixar unha orde de prelación no caso de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente para atender, unha vez finalizado o prazo de presentación, todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos.

No caso de darse un empate nas puntuacións coincidindo co esgotamento de crédito, establecerase como factor determinante para romper a igualdade os criterios de valoración que se establecen nas presentes bases e que seguen o seguinte orde :

5.1.1-Criterios de valoración de maior a menor peso:

a) Forma xurídica da empresa: Primarase as cooperativas por riba das outras formas xurídicas.

b) Sector de actividade: Os sectores que terán primacía sobre os demais serán (terán o mesmo peso entre eles):

-Transformación e elaboración de produtos hortofrutícolas locais.

-Sector turístico.

-Sector do mar.

-Aqueles empresas que oferten produtos ou servizos que previamente non existían no termo municipal de Cariño.

c) Número de postos de traballo creados.

d) Colectivo o que pertencen as persoas contratadas/ os titulares.

e) Que se recibira asesoramento polo servizo da Oficina de Emprego e Desenvolvemento

f) Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias de empresa.

5.2-A instrución do procedemento a realizará a concellería de Emprego, Turismo e Medio Ambiente.

5.3-Recibida a solicitude se non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, o órgano instrutor do procedemento, de conformidade co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requerirá a persoa solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de cinco días, enmende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixera, considerárase desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

5.4-De acordo co previsto no artigo 22 da Lei 09/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño, o órgano instrutor, un técnico adscrito a concellería de Emprego, Turismo e Medio Ambiente, verificará a concorrencia dos requisitos requiridos nesta convocatoria para conceder as subvencións; para tal efecto realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formular a proposta de resolución. O órgano instrutor, avaliadas e informadas as solicitudes, elaborará a proposta de concesión das subvencións que será elevada a ditame da Comisión de Valoración . formada por polo Alcalde-Presidente, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente , o secretario/a, o interventor/a, un/ha técnico/a e un administrativo do Concello de Cariño. Previa proposta do instrutor do procedemento, a Comisión de Valoración emitirá un ditame que por conduto do servizo instrutor, será sometida á aprobación do órgano competente para a súa resolución. Redactarase a acta polo secretario/a, e elaborárase proposta definitiva de concesión de subvención, ou no seu caso, de denegación ou exclusión das mesmas.

5.5-En calquera momento do procedemento poderá instarse á persoa ou entidade solicitante para que cumprimente calquera requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 73 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concedéndose para ese efecto un prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte aos da notificación, con expreso apercibimento de que, de non facelo así, poderáselle declarar decaído no seu dereito ao devandito trámite; con todo, admitirase actuación do interesado e producirá efectos legais, de preoducirse antes ou dentro do día en que se notifique a resolución na que se teña transcorrido o prazo.

5.6-A proposta definitiva da Comisión de Valoración remitirase á Xunta de Goberno Local que será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións, previa fiscalización de intervención, no prazo máximo de 15 días desde o último día de prazo de presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de 15 días sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase desestimada a petición de axuda por silencio administrativo. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución da Xunta de Goberno Local, de concesión ou denegación das axudas, esgota a vía administrativa e notificarase aos solicitantes no prazo de cinco días desde que se dite, de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa notificación, perante o órgano competente da xurisdición contencioso- administrativa, de acordo co artigo 124 da Lei da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e dos artigos 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, regulamentadora da xurisdición contenciosa- administrativa. Potestativamente, poderá formularse recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da notificación do mesmo, perante o órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.7-As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de cinco días a contar do seguinte ao da notificación do outorgamento da subvención a comunicarlle á Concellería de Emprego, Turismo e Medio Ambiente a aceptación ou renuncia, por escrito, das axudas; transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

6. VERIFICACIÓN E CONTROL

Os/as beneficiarios/as quedarán obrigados/as a facilitar todas as actuacións de comprobación que se efectúen pola comisión de valoración e seguimento das axudas. Así mesmo, quedarán sometidos ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Intervención do Concello de Cariño e polo Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

7. MODIFICACIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS CONCEDIDAS

Unha vez efectuada a comprobación polo servizo xestor da subvención, o órgano que concedeu a subvención, previa audiencia da persoa beneficiaria ou entidade colaboradora, e emitido o preceptivo informe de Intervención, declarará a perda do dereito a cobro da subvención-e, no seu caso, o reintegro das cantidades pagadas- se o referido informe constata algúndos supostos contidos no artigo 25.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño

A efectos de determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir a persoa ou entidade beneficiaria, os criterios de gradación serán os fixados no artigo 25.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Procederá a revogación da subvención, así coma o

reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a existencia dos xuros de demora, cando exista incumprimento pola persoa beneficiaria de calquera dos requisitos, condicións e demais circunstancias que deron lugar ao outorgamento da subvención, dando lugar á anulación da subvención concedida.

8. RESPONSABILIDADES, RÉXIME SANCIONADOR E REINTEGROS

8.1-As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime de sancións que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, que establece o Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

8.2-Ademais das causas de invalidez da resolución da concesión, recollidas no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, dará lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así coma á esixencia dos xuros de demora desde a data do pagamento da subvención até que se acorde a procedencia do reintegro da mesma, os casos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e, en concreto, por obterse a subvención falseando as condicións requiridas para conseguilo ou ocultando aquelas que o impedirán.

8.3-O procedemento de reintegro das subvencións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidos no Título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polo artigo 30 do Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño.

8.4-Procederá o reintegro total da axuda percibida o incumprimento da obriga establecida nestas bases de manter a actividade durante o período de tempo establecido nestas bases para cada un dos tres programas.

8.5-Na tramitación do procedemento de reintegro garantirase, en todo caso, o dereito da persoa interesada a audiencia. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de 12 meses, dende a data de acordo de iniciación segundo o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Dito prazo poderá suspenderse e ampliarse, de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De transcorrer o prazo para resolver sen que se notificara a resolución expresa de reintegro, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións até o remate e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas até o remate do antedito prazo.

9. PUBLICIDADE

9.1-PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2018 do Programa “Cariño Emprende” de axuda á creación de empresas, fomento do emprego e desenvolvemento do tecido empresarial para o ano 2018, publicarase Boletín Oficial da Provincia e na páxina web www.concellodecarino.gal, unha vez aprobadas polo órgano competente; as anteditas bases reguladoras, a convocatoria e os modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego Turismo e Medio Ambiente, na páxina web www.concellodecarino.gal e no taboleiro de anuncios do Concello de Cariño.

9.2-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO.

As empresas ou entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria quedan obrigadas a poñer no seu local un cartel, de forma visible, informativo da súa participación no Programa “Cariño Emprende” de axuda á creación de empresas, fomento do emprego e desenvolvemento do tecido empresarial para o ano 2018. O modelo cartel será subministrado pola Concellería de Emprego, Turismo e Medio Ambiente.

No caso de que polo tipo de actividade empresarial non se dispoña dun local, os beneficiarios/as deberán publicitar a participación no Programa a través dos medios que usen para publicitar a súa actividade.

10. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o regulamento que a desenvolve no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño; polas bases reguladoras que se conteñen nas presentes convocatorias, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

11. DISPOSICIÓN FINAL.

O Concello de Cariño quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

PROGRAMA I:**Bases reguladoras do Programa de axudas municipais á creación de empresas: Cariño Emprende 2018****1. OBXECTO**

Poden ser obxecto desta subvención os novos proxectos empresariais emprendidos no ámbito deste concello por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que tivesen iniciado a súa actividade entre o 1 de xaneiro de 2018 e o último día do prazo de solicitude desta axuda (entendendo por inicio de actividade o alta definitiva no censo de obrigados tributarios). Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

2. BENEFICIARIOS

Poderá ser beneficiaria calquera persoa física ou xurídica cun novo proxecto empresarial, sexa autónoma individual, autónoma colaboradora ou autónoma integrada nunha sociedade civil, mercantil, sociedade laboral ou comunidade de bens que, ademais de cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os do artigo 6 da Ordenanza Xeral de Subvencións, cumpran os seguintes requisitos :

- a) Desenvolver a súa actividade empresarial no termo municipal de Cariño:
 - No caso de desenvolver a súa actividade empresarial a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cariño.
 - No caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea dentro do termo municipal de Cariño.
- b) Requerirase estar empadroadado no Concello de Cariño no momento de inicio da actividade.
- c) Estar en situación de desemprego no momento de alta no Réxime especial de Traballadores Autónomos (R.E.T.A) ou réxime similar.
- d) Estar dado de alta no Réxime especial de traballadores autónomos ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais antes da data límite de presentación da solicitude da axuda regulada nestas bases.
- e) Que presenten un proxecto viable técnica, económica e financeiramente , acreditado na forma establecida no Anexo V desta convocatoria.
- f) Que sexan empresas de nova creación- considerando incluídos en tal concepto os traspasos de negocios- sen que se admitan supostos de empresas procedentes de transformación xurídica. O inicio da actividade económica virá determinado pola alta no censo de obrigados tributarios e actividades económicas.
- g) Que non desenvolvesen, como traballadores autónomos no R.E.T.A ou réxime similar, igual actividade empresarial no Concello de Cariño, nos seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. Para estes efectos, entenderase por nova actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da CNAE. No caso dunha nova actividade formada por varios socios e no que un deles xa estivese dado de alta como autónomo na mesma ou similar actividade, será requisito indispensable para a súa concesión que, como mínimo o 51% do capital sexa de titularidade dos novos empresarios.
- h) Manter a actividade por conta propia que xerou a alta no Réxime especial de traballadores autónomos obxecto da subvención, durante un período mínimo de 2 anos, en caso contrario, salvo causa de forza maior según o estipulado pola lexislación civil, a persoa beneficiaria estará obrigada a reintegrar na Tesouraría do Concello a subvención percibida.
- i) Ter concedidas, de seren necesarias, todas as licenzas pertinentes para o desenvolvemento da actividade, ou no seu defecto, xustificar que se están a tramitar.
- j) Estar ó corrente das súas obrigas fiscais con Concello de Cariño, coa Consellería de Economía e Facenda e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.
- k) Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- l) O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo órgano instructor, a quen lle corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitarlle a esta e á Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

3. TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

3.1.- As axudas son a fondo perdido e serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva; o importe da subvención fixarase atendendo ó orzamento presentado, á documentación aportada polo solicitante e ás dispoñibilidades orzamentarias. A contía final das axudas determinarase tendo en conta o criterio de suficiencia para o financiamento da acción proposta.

3.2.-O total do orzamento para este programa de axudas municipais á creación de empresas é de 20.000€. A contía máxima das axudas por solicitude será de 4000 €, e só poderá presentarse unha solicitude por beneficiario.

3.3.-Os gastos subvencionables nesta liña de actuación serán os seguintes, e deberán ser gastos referidos a anualidade 2018:

a) Gastos de constitución:

-Visado, honorarios e gastos pola redacción de proxectos técnicos, memorias ou certificacións técnicas.

-Inscripción no Rexistro Mercantil.

-Certificación negativa do nome da sociedade.

-Honorarios de notaría por escrituras públicas de constitución da sociedade.

-Publicación no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME).

-Modelo de autoliquidación 600 da Consellería de Facenda- Xunta de Galicia pola constitución de empresa.

b) Gastos de alugueiro de local, de maquinaria ou de equipamentos informáticos para o desenvolvemento da actividade.

c) Gastos de alugueiro de elementos de transporte. Exclusivamente de vehículos comerciais ou industriais que sexan necesarios e que se empreguen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional.

d) Gastos de inmovilizado material e inversión en adecuación de locais para a posta en marcha da actividade.

e) A adquisición das primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción ou comercialización.

f) Primas de seguros: Serán subvencionables os gastos de contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial como o seguro do local e o de responsabilidade civil.

g) Suministración de gastos correntes derivados directamente de realización de actividade empresarial: auga, teléfono, electricidade, material de oficina, servizos profesionais independentes.

h) Dereitos de propiedade industrial: patentes, modelos de utilidade, deseño industrial, marcas de produtos ou servizos, nomes comerciais e dominios de internet.

i) Publicidade.

j) A cota aboada pola persona beneficiaria durante os doce meses posteriores á alta no RETA ou calquer outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou mutualidade de colexio profesional.

3.2- Non serán subvencionables os gastos referidos aos domicilios particulares dalgunha das persoas promotoras.

4. CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención, axuda, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que o respecto diso puidese establecer a normativa reguladora das outras subvencións concurrentes.

En ningún caso, o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, superen os custos dos gastos subvencionables.

A persoa solitante deberá declarar as axudas que obtivera ou solicitara para o mesmo fin, tanto ao iniciarse o expediente como no momento da presentación da conta xustificativa, ou en calquera momento posterior se así lle fora solicitado.

5. CRITERIOS DE VALORACIÓN

É condición indispensable para ser persoas beneficiarias das axudas que a Comisión de Valoración estime viable económica, técnica e financeiramente o proxecto.

5.1.1-A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

a) Forma xurídica da empresa: Primarase ás cooperativas por riba de calquera outra forma xurídica de empresa. A este modelo de empresa outorgaráselle 40 puntos.

b) Segundo o sector de actividade, primaranse as empresas creadas en relación ós seguintes sectores, ata un máximo de 25 puntos.

-Transformación e elaboración de produtos hortofrutícolas locais: 10 puntos.

-Sector turístico: 10 puntos.

-Sector do mar: 10 puntos.

-Aqueles empresas que oferten produtos ou servizos que previamente non existían no termo municipal de Cariño: 10 puntos.

Se polo tipo actividade ésta poidese enmarcarse en tres ou máis destes sectores a puntuación máxima que se lle outorgará será de 25 puntos.

c) Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de seis ou máis meses de duración. Ata un máximo de 20 puntos. No caso de xornadas parciais puntuarase en proporción, en función da xornada.

-Por cada posto creado por conta propia (titulares/cotitulares da actividade ou os socios/as promotores/as: 20 puntos.

-Por cada emprego creado por conta allea a tempo completo de duración mínima de 12 meses: 10 puntos.

-Por cada posto creado por conta allea a tempo completo de duración mínima de 6 meses: 5 puntos.

Para facer o cálculo da puntuación outorgáraselle, a cada posto de traballo creado a puntuación que lle corresponda segundo os tipos anteriores. Sumaráanse as puntuacións segundo o número de contratos e a puntuación correspondente e dividirase entre o número de postos de traballo creados para facer a media:

$$\frac{\text{puntos posto traballo 1} + \text{puntos posto traballo 2} + \dots}{\text{Nº de postos de traballo creados}}$$

Será a media das puntuacións das contratacións a que determinará a puntuación que se outorgará para este criterio, ata un máximo de 20 puntos:

-Media de puntos de postos de traballo creados= 20 outorgáraselle 20 puntos.

-Media de puntos de postos de traballo creados> 20 outorgáraselle 20 puntos.

-Media de puntos de postos de traballo creados< 20 outorgáraselle os puntos resultado de facer a media.

d) Colectivo/s ao que pertencen as persoas titulares/cotitulares da actividade ou os socios/as promotores/as, ata un máximo de 10 puntos.

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite á pertenza os colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

-Persoas desempregadas de longa duración: 5 puntos.

-Que sexa o seu primeiro emprego: 5 puntos.

-Menor de 30 anos: 5 puntos.

-Maior de 45 anos: 5 puntos.

-Mulleres: 5 puntos.

-Discapacitados/as: 5 puntos.

-Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio: 5 puntos.

Para facer o cálculo da puntuación outorgáraselle, a cada titular ou cotitular, a puntuación que lle corresponda segundo os criterios que cumpra. Se a persoa titular cumpre un número x de criterios, sumarase 5 puntos por cada criterio que cumpra, dando como resultado un total ó que lle sumarán os totales de puntuación do resto dos cotitulares. Este total de puntuacións dividirase entre o número de cotitulares para facer a media:

$$\frac{\text{puntos persoa 1} + \text{puntos persoa 2} + \dots}{\text{Nº de persoas (titulares ou cotitulares)}}$$

Será a media das puntuacións dos titulares a que determinará a puntuación que se outorgará para este criterio, ata un máximo de 10 puntos:

-Media de puntos cotitulares= 10 outorgáraselle 10 puntos.

-Media de puntos cotitulares> 10 outorgáraselle 10 puntos.

-Media de puntos cotitulares < 10 outorgaráselle os puntos resultado de facer a media.

e) Que recibira asesoramento polo servizo da Oficina de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Cariño: 3 puntos.

f) Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias de empresa: 2 puntos.

5.2.-No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha delas teranse en conta os seguintes criterios de desempate pola orde que segue:

a) Forma xurídica da empresa: Primarase as cooperativas por riba das outras formas xurídicas.

b) Sector de actividade: Os sectores que terán primacía sobre os demais serán (terán o mesmo peso entre eles):

-Transformación e elaboración de produtos Hortofrutícolas locais.

-Sector turístico.

-Sector do mar.

-Aquelas empresas que oferten produtos ou servizos que previamente non existían no termo municipal de Cariño.

c) Número de postos de traballo creados.

d) Colectivo o que pertencen as persoas titulares e os cotitulares.

e) Que se recibira asesoramento polo servizo da Oficina de Emprego e Desenvolvemento

f) Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias de empresa.

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

6.1- Documentación a presentar:

a) Solicitude (Anexo I).

b) Declaración xurada do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases (Anexo II A).

c) Fotopia compulsada do DNI do solicitante e, no seu caso, do seu representante legal. No caso de traballadores autónomos estranxeiros non comunitarios permiso de residencia e permiso de traballo.

d) Fotopia compulsada do NIF da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/ comeneiros/as. No caso de sociedades o NIF do representante da empresa e dos socios que se autoempreguen.

e) Fotopia compulsada do Contrato/escritura de constitución da empresa. No caso de sociedades mercantís deberá achegar tamén a copia dos estatutos sociais e acreditar a inscrición da empresa no Rexistro Mercantil.

f) Certificación dos datos bancarios do solicitante.

g) Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas (Anexo III).

h) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade. Poderase dar autorización expresa ao concello para solicitar os Certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, coa AET e coa Consellería de Facenda. (Anexo IV A, B e C). Comprobarase de oficio que o solicitante se atope ao corrente nas obrigas tributarias municipais.

i) Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de avaliación establecidos nestas bases.

j) Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (comunicacións internas, externas, páxina web ou publicidade en galego).

k) Certificado de inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego con anterioridade á data de inicio da actividade ou da contratación pola empresa. No caso de non estar inscrito con anterioridade, declaración xurada de atoparse en situación de desemprego ata o inicio da actividade.

l) Orixinal ou fotocopia compulsada do informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

m) Fotocopia compulsada de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional correspondente.

n) Alta no IAE de empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).

o) Fotocopia compulsada da licenza de obra/inicio da actividade ou da solicitude das mesmas, de seren necesarias, ou fotocopia compulsada da presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

p) Anexo V ou calquera outra memoria do proxecto empresarial a desenvolver, respectando o contido mínimo deste anexo.

q) Relación dos gastos subvencionables acompañados de orzamentos e de facturas e acreditación, no seu caso, do seu pagamento (Anexo VI)

7. FORMA DE PAGAMENTO

1.-O aboamento da subvención efectuarase mediante un pagamento único, e o mesmo quedará condicionado a que se acredite a execución da actuación coa presentación da xustificación conforme ao establecido na Base 8 desta convocatoria.

8. XUSTIFICACIÓN PARA O SEU ABOAMENTO

Con carácter xeral, o pagamento realizarase mediante un pagamento único logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para isto deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto.

8.1.-A xustificación deberá realizarse mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Cariño, no prazo máximo de 5 días hábiles, a contar desde a notificación do acordo de concesión, da seguinte documentación:

a) Xustificación da subvención (Anexo VII).

b) Conta xustificativa dos gastos totais subvencionados (Anexo VIII). No caso de solicitar axudas a outros organismos, para a mesma finalidade, deberán relacionarse nesta conta xustificativa gastos polo importe total resultante da suma de todas esas axudas.

c) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas polo importe total da subvención outorgada polo Concello de Cariño xunto cos recibos ou certificacións bancarias acreditativas do seu pagamento, no caso que non estivera xa presentada xunto coa solicitude de subvención. Ou Calquera outro medio de xustificación de valor probatorio con validez no tráfico xurídico mercantil, que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención, e que deberán ser concretados nas bases da convocatoria ou no correspondente convenio.

d) Memoria detallada da actividade desenvolvida e declaración de ter cumprido o obxecto da subvención.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións de Galicia, deba solicitar a persoa beneficiaria.

f) Fotografía do cartel informativo.

8.2.-No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento presentado e/ou do importe da subvención concedida aboarase a totalidade da subvención, mentres que para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de 5 días hábiles para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo concedido a tal efecto, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, se fose o caso, aplicando o coeficiente de financiamento.

PROGRAMA II

Bases reguladoras do Programa de axudas municipais á contratación: Cariño Emprende 2018

1. OBXECTO

Serán obxecto desta subvención as contratacións que realicen empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública con sede fiscal e social no termo municipal, de persoas desempregadas residentes en Cariño. As contratacións que se beneficien desta subvención terán que reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018.

2. BENEFICIARIOS

2.1.-Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública que, ademais de cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 6 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño, e que cumpran os seguintes requisitos :

a) Desenvolver a súa actividade empresarial no termo municipal de Cariño:

-No caso de desenvolver a súa actividade empresarial a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cariño.

-No caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio social e fiscal da empresa estea dentro do termo municipal de Cariño.

b) Requerirase que as persoas contratadas polo beneficiario/a estean empadroadas no Concello de Cariño no momento de inicio da actividade.

c) As persoas contratadas polo beneficiario/a deberán ser persoas desempregadas:

- Que participen ou tivesen participado nalgunha das accións dos Plans Municipais de Formación da Concellería de Emprego, Turismo e Medio Ambiente, ou estén inscritos na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Cariño.

- Ou as persoas que acrediten a súa situación de desemprego por un mínimo de 2 meses; ben como demandantes de emprego na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego (SEPE); ou no caso de persoas que se atopen en situación de desemprego pero non estén dadas de alta como demandantes de emprego no SEPE, que acrediten esta situación a través do informe de vida laboral.

d) Comunicarlle ao Concello de Cariño calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así coma dos seus compromisos e obrigas.

e) Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, ter cumprido as condicións da base 5.

f) Estar ó corrente das súas obrigas fiscais con Concello de Cariño, coa Consellería de Economía e Facenda e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social será comprobado de oficio.

g) Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

h) O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen lle corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitarlle a esta e á Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2.2.-Non poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades sen ánimo de lucro.

3. TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

3.1.-As axudas son a fondo perdido e serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva; o importe da subvención fixarase atendendo ó orzamento presentado, á documentación aportada polo solicitante e ás dispoñibilidades orzamentarias. A contía final das axudas determinarase tendo en conta o criterio de suficiencia para o financiamento da acción proposta.

3.2.-O total do orzamento para este programa de axudas municipais á contratación é de 20.000€. Só se poderá presentarse unha solicitude, sen límite de contratacións, por beneficiaria/o.

3.3.- Gastos subvencionables: as contratacións que se beneficien desta subvención terán que reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018.

3.3.1.- Axudas á contratación a xornada completa.

Contratos iniciais coas seguintes características:

BENEFICIARIOS/AS	CONTRATO: 6 MESES	CONTRATO: ANO OU MÁIS
	500 euros	1.600 euros
INCREMENTO POR COLECTIVO		
Persoas desempregadas de longa duración.	250 euros	300 euros
Que sexa o seu primeiro emprego.	250 euros	300 euros
Maiores de 45 anos.	250 euros	300 euros
Menores de 30 anos.	250 euros	300 euros
Mulleres.	250 euros	300 euros
Discapacitados/as.	250 euros	300 euros
Persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social (segundo a Lei 10/2013, do de novembro, de Inclusión Social de Galicia).	250 euros	300 euros
Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio.	250 euros	300 euros
IMPORTE TOTAL	1.250 euros	2.500 euros

As contías límites de axuda por contratación serán de 1.250 euros para os contratos de 6 meses ou máis (inferiores a 12 meses), e de 2.500 euros para as contratacións de 12 meses ou máis.

3.3.2.- Axudas á contratación a xornada parcial.

O importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato, tanto para o de duración mínima de 6 meses como para os dun ano ou máis.

4. ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días hábiles seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro. A nova persoa contratada deberá cumprir os requisitos establecidos nestas bases.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días hábiles que contará desde o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle á Concellería de Emprego, Turismo e Medio Ambiente a extinción do contrato e a nova contratación, e deberá acreditar:

- a) Baixa da persoa contratada inicialmente.
- b) Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
- c) Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.
- d) Vida laboral da nova persoa contratada.

5. EXCLUSIÓNS E CONCORRENCIA CON OTRAS SUBVENCIÓNS

5.1-Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases:

a) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, até o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un/unha traballador/a autónomo/a sen asalariados e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ó seu cargo.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención, axuda, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que o respecto diso puidese establecer a normativa reguladora das outras subvencións concurrentes.

En ningún caso, o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, superen os custos dos gastos subvencionables.

A persoa solitante deberá declarar as axudas que obtivera ou solicitara para o mesmo fin, tanto ao iniciarse o expediente como no momento da presentación da conta xustificativa, ou en calquera momento posterior se así lle fora solicitado.

c) As contratacións realizadas con persoas que, nos 6 meses anteriores á data de contratación, prestaran servizos á mesma empresa mediante contrato por tempo indefinido.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

6.1.-A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

a) Forma xurídica da empresa: Primarase ás cooperativas por riba de calquera outra forma xurídica de empresa. A este modelo de empresa outorgaráselle 40 puntos.

b) Segundo o sector de actividade, primaranse as empresas creadas en relación ós seguintes sectores, ata un máximo de 25 puntos.

-Transformación e elaboración de produtos hortofrutícolas locais: 10 puntos.

-Sector turístico: 10 puntos.

-Sector do mar: 10 puntos.

-Aquelas empresas que oferten produtos ou servizos que previamente non existían no termo municipal de Cariño: 10 puntos.

Se polo tipo actividade ésta poidese enmarcarse en tres ou máis destes sectores a puntuación máxima que se lle outorgará será de 25 puntos.

c) Número de postos de traballo creados por conta allea de seis ou máis meses de duración. Ata un máximo de 20 puntos.No caso de xornadas parciais puntuarase en proporción, en función da xornada.

-Por cada emprego creado por conta allea a tempo completo de duración mínima de 12 meses: 10 puntos.

-Por cada posto creado por conta allea a tempo completo de duración mínima de 6 meses: 5 puntos.

Para facer o cálculo da puntuación outorgáraselle, a cada poto de traballo creado a puntuación que lle corresponda segundo os tipos anteriores. Sumaránse as puntuacións segundo o número de contratos e a puntuación correspondente e dividirase entre o número de postos de traballo creados para facer a media:

$$\frac{\text{puntos posto traballo 1} + \text{puntos posto traballo 2} + \dots}{\text{Nº de postos de traballo creados}}$$

Nº de postos de traballo creados

Será a media das puntuacións das contratacións a que determinará a puntuación que se outorgará para este criterio, ata un máximo de 20 puntos:

-Media de puntos de postos de traballo creados= 20 outorgáraselle 20 puntos.

-Media de puntos de postos de traballo creados> 20 outorgáraselle 20 puntos.

-Media de puntos de postos de traballo creados< 20 outorgáraselle os puntos resultado de facer a media.

d) Colectivo/s ao que pertencen as persoas contratadas obxecto desta subvención, ata un máximo de 10 puntos.

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite á pertenza ós colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

-Persoas desempregadas de longa duración: 5 puntos.

-Que sexa o seu primeiro emprego: 5 puntos.

-Menor de 30 anos: 5 puntos.

-Maior de 45 anos: 5 puntos.

-Mulleres: 5 puntos.

-Discapitados/as: 5 puntos.

-Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio: 5 puntos.

Para facer o cálculo da puntuación outorgáraselle, a cada persoa contratada, a puntuación que lle corresponda segundo os criterios que cumpra. Se a persoa contratada cumpre un número x de criterios, sumarase 5 puntos por cada criterio que cumpra, dando como resultado un total ó que lle sumarán os totales de puntuación do resto das contratacións. Este total de puntuacións dividirase entre o número de persoas contratadas para facer a media:

$$\frac{\text{puntos persoa 1} + \text{puntos persoa 2} + \dots}{\text{Nº de persoas contratadas}}$$

Nº de persoas contratadas

Será a media das puntuacións das persoas contratadas a que determinará a puntuación que se outorgará para este criterio, ata un máximo de 10 puntos:

-Media de puntos cotitulares= 10 outorgáraselle 10 puntos.

-Media de puntos cotitulares> 10 outorgáraselle 10 puntos.

-Media de puntos cotitulares< 10 outorgáraselle os puntos resultado de facer a media.

e) Que recibira asesoramento polo servizo da Oficina de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Cariño: 3 puntos.

f) Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias de empresa: 2 puntos.

6.2.-No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha delas teranse en conta os seguintes criterios de desempate pola orde que segue:

- a) Forma xurídica da empresa: Primarase as cooperativas por riba das outras formas xurídicas.
- b) Sector de actividade: Os sectores que terán primacía sobre os demais serán (terán o mesmo peso entre eles):
- c) -Transformación e elaboración de produtos Hortofrutícolas locais.
- d) -Sector turístico.
- e) -Sector do mar.
- f) -Aquelas empresas que oferten produtos ou servizos que previamente non existían no termo municipal de Cariño.
- g) Número de postos de traballo creados.
- h) Colectivo o que pertencen as persoas titulares e os cotitulares.
- i) Que se recibira asesoramento polo servizo da Oficina de Emprego e Desenvolvemento
- j) Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias de empresa.

1. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

7.1-DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á EMPRESA

- a) Solicitude (Anexo I).
- b) Declaración xurada do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases (Anexo II).
- c) Fotopia compulsada do DNI do solicitante e, no seu caso, do seu representante legal. No caso de traballadores autónomos estranxeiros non comunitarios permiso de residencia e permiso de traballo.
- d) Fotopia compulsada do NIF da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/ comuneiros/as. No caso de sociedades o NIF do representante da empresa e dos socios que se autoempreguen.
- e) Fotopia compulsada do Contrato/escritura de constitución da empresa. No caso de sociedades mercantís deberá achegar tamén a copia dos estatutos sociais e acreditar a inscrición da empresa no Rexistro Mercantil.
- f) Certificación dos datos bancarios do solicitante.
- g) Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas (Anexo III).
- h) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade, ou autorización expresa ao concello para solicita-las. (Anexo IV A E B). Poderase dar autorización expresa ao concello para solicitar os Certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, coa AET e coa Consellería de Facenda. (Anexo IV A, B e C). Comprobarase de oficio que o solicitante se atope ao corrente nas obrigas tributarias municipais.
- i) Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de avaliación establecidos nestas bases.
- j) Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (comunicacións internas, externas, páxina web ou publicidade en galego).
- k) Alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos empresarios/promotores.
- l) Alta no IAE de empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- m) Relación dos gastos subvencionables acompañados de orzamentos e de facturas e acreditación, no seu caso, do seu pagamento (Anexo VI).

7.2-DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CADA TRABALLADOR/A OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

- a) Fotocopia compulsada do DNI da persoa ou persoas traballadoras obxecto da contratación.
- b) Certificado de inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego con anterioridade á data de inicio da actividade ou da contratación pola empresa. No caso de non estar inscrito con anterioridade, informe de vida laboral de atoparse en situación de desemprego ata o inicio da actividade.
- c) Orixinal ou fotocopia compulsada do informe de vida laboral de cada traballador/a obxecto da subvención, da Tesorería Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
- d) Fotocopia compulsada do contrato de traballo, rexistrado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. FORMA DE PAGAMENTO.

1.-O aboamento da subvención efectuarase mediante un pagamento único e o mesmo quedará condicionado a que se acredite a execución da actuación coa presentación da xustificación conforme ao establecido na Base 9 desta convocatoria.

3. XUSTIFICACIÓN PARA O SEU ABOAMENTO

9.1.-Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, aínda que non rematase o período de contratación estipulado, unha vez se xustifique a realización das contratacións nos termos acreditados. A realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión, quedará condicionado á acreditación nun prazo máximo de 2 meses desde o remate da contratación subvencionada, por parte do beneficiario/a, como xustificación, mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas, da seguinte documentación:

9.1.1.- Se o período de contratación non houbese rematado antes da xustificación do aboamento da contía subvencionada:

a) Informe de vida laboral da empresa onde se reflexe o período de contratación da persoa obxecto de subvención até o momento do período de xustificación para o aboamento.

b) TC2 dos meses en que o traballador subvencionado estivese contratado até o momento do período de xustificación para o aboamento

c) Fotografía do cartel informativo.

d) Declaración xurada actualizada das axudas solicitadas ou concedidas (Anexo III).

9.1.2.- Se o período de contratación houbese rematado antes da xustificación do aboamento da contía subvencionada:

a) Informe de vida laboral da empresa onde se reflexe o período de contratación da persoa obxecto de subvención.

b) TC2 dos meses en que o traballador subvencionado estivese contratado.

c) Fotografía do cartel informativo.

d) Declaración xurada actualizada das axudas solicitadas ou concedidas (Anexo III).

Comprobarase que os solicitantes, e os socios promotores se atopan ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Cariño.

9.2.-No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento presentado e/ou do importe da subvención concedida aboarase a totalidade da subvención, mentres que para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

9.3.-No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de 5 días hábiles para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo concedido a tal efecto, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, se fose o caso, aplicando o coeficiente de financiamento.

PROGRAMA III

Bases reguladoras do Programa de axudas municipais á mellora do tecido empresarial: Cariño Emprende 2018

1. OBXECTO

Poden ser obxecto desta subvención as actividades e investimentos realizados na anualidade 2018 relativas á mellora do tecido empresarial, de empresas con sede fiscal, social e co seu centro de traballo no concello de Cariño. Estas actividades obxecto da subvención poderán levarse a cabo tanto por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas (para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008).

2. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública que, ademais de cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cumpran os seguintes requisitos :

a) Desenvolver a súa actividade empresarial no termo municipal de Cariño:

-No caso de desenvolver a súa actividade empresarial a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cariño.

-No caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea dentro do termo municipal de Cariño.

b) Que a empresa/entidade leve en funcionamento un mínimo de 12 meses.

c) Estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Cariño, coa Consellería de Economía e Facenda e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social será comprobado de oficio.

d) Que presenten un memoria xustificativa na que se explique cómo melloran as actividades/inversións que pretenden ser obxecto da subvención o tecido empresarial, segundo o Anexo V.

e) Ter concedidas, de seren necesarias, todas as licenzas pertinentes para o desenvolvemento da actividade, ou no seu defecto, xustificar que se están a tramitar.

f) Que as entidades ou empresas non foran obxecto do programa I de axudas municipais á creación de empresas nas últimas tres anualidades.

3. TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

3.1- As axudas son a fondo perdido e serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva; o importe da subvención fixarase atendendo ó orzamento presentado, á documentación aportada polo solicitante e ás dispoñibilidades orzamentarias. A contía final das axudas determinarase tendo en conta o criterio de suficiencia para o financiamento da acción proposta.

3.2.-O total do orzamento para este programa de axudas municipais á mellora do tecido empresarial é de 20.000€. A contía máxima das axudas por solicitude será de 5.000 €, e só poderá presentarse unha solicitude por beneficiario

3.3.-Os gastos subvencionables nesta liña de actuación serán os seguintes, e deberán ser gastos realizados na anualidade 2018:

a) Compra de maquinaria: Sempre que a nova maquinaria supoña unha mellora en termos cualitativos para o desempeño da actividade, contemplando como tales as melloras de eficiencia enerxética e medio ambientais.

b) Mellora das instalacións e alugueiro de novas instalacións. A subvención destes gastos estará condicionada a que tal investimento aporte melloras en termos de eficiencia e calidade a actividade que se desenvolva.

c) Formación de carácter innovador, entendendo por innovador que esta formación non fose xa impartida nos últimos cinco anos no termo municipal de Cariño e que non se tivese acceso a ela.

Non serán subvencionables os gastos referidos aos domicilios particulares dalgunha das persoas promotoras.

4. CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIONES

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención, axuda, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que o respecto diso puidese establecer a normativa reguladora das outras subvencións concurrentes.

En ningún caso, o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, superen os custos dos gastos subvencionables.

A persoa solitante deberá declarar as axudas que obtivera ou solicitara para o mesmo fin, tanto ao iniciarse o expediente como no momento da presentación da conta xustificativa, ou en calquera momento posterior se así lle fora solicitado.

5. CRITERIOS DE VALORACIÓN

É condición indispensable para ser persoas beneficiarias das axudas que a Comisión de Valoración estime viable económica, técnica e financeiramente o proxecto.

5.1.-A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

a) Forma xurídica da empresa: Primarase ás cooperativas por riba de calquera outra forma xurídica de empresa. A este modelo de empresa outorgaráselle 40 puntos.

b) Segundo o sector de actividade, primaranse as empresas creadas en relación ós seguintes sectores, ata un máximo de 25 puntos.

-Transformación e elaboración de produtos hortofrutícolas locais: 10 puntos.

-Sector turístico: 10 puntos.

-Sector do mar: 10 puntos.

-Aquelas empresas que oferten produtos ou servizos que previamente non existían no termo municipal de Cariño: 10 puntos.

Se polo tipo actividade ésta poidese enmarcarse en tres ou máis destes sectores a puntuación máxima que se lle outorgará será de 25 puntos.

c) Número de postos de traballo creados, pola nova maquinaria ou a mellora das instalacións subvencionadas por estas axudas, por conta allea de seis ou máis meses de duración. Ata un máximo de 20 puntos.No caso de xornadas parciais puntuarase en proporción, en función da xornada.

-Por cada emprego creado por conta allea a tempo completo de duración mínima de 12 meses: 10 puntos.

-Por cada posto creado por conta allea a tempo completo de duración mínima de 6 meses: 5 puntos.

Para facer o cálculo da puntuación outorgáselle, a cada poto de traballo creado a puntuación que lle corresponda segundo os tipos anteriores. Sumaránse as puntuacións segundo o número de contratos e a puntuación correspondente e dividirase entre o número de postos de traballo creados para facer a media:

$$\frac{\text{puntos posto traballo 1} + \text{puntos posto traballo 2} + \dots}{\text{Nº de postos de traballo creados}}$$

Será a media das puntuacións das contratacións a que determinará a puntuación que se outorgará para este criterio, ata un máximo de 20 puntos:

-Media de puntos de postos de traballo creados= 20 outorgáselle 20 puntos.

-Media de puntos de postos de traballo creados> 20 outorgáselle 20 puntos.

-Media de puntos de postos de traballo creados< 20 outorgáselle os puntos resultado de facer a media

d) Colectivo/s ao que pertenzan as persoas titulares/cotitulares da actividade ou os socios/as promotores/as, ata un máximo de 10 puntos.

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite á pertenza ós colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

-Menor de 30 anos: 5 puntos.

-Maior de 45 anos: 5 puntos.

-Mulleres: 5 puntos.

-Discapacitados/as: 5 puntos.

Para facer o cálculo da puntuación outorgáselle, a cada titular ou cotitular, a puntuación que lle corresponda segundo os criterios que cumpra. Se a persoa titular cumpre un número x de criterios, sumarase 5 puntos por cada criterio que cumpra, dando como resultado un total ó que lle sumarán os totales de puntuación do resto dos cotitulares. Este total de puntuacións dividirase entre o número de cotitulares para facer a media:

$$\frac{\text{puntos persoa 1} + \text{puntos persoa 2} + \dots}{\text{Nº de persoas (titulares ou cotitulares)}}$$

Será a media das puntuacións dos titulares a que determinará a puntuación que se outorgará para este criterio, ata un máximo de 10 puntos:

-Media de puntos cotitulares= 10 outorgáselle 10 puntos.

-Media de puntos cotitulares> 10 outorgáselle 10 puntos.

-Media de puntos cotitulares< 10 outorgáselle os puntos resultado de facer a media.

e) Que recibira asesoramento polo servizo da Oficina de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Cariño: 3 puntos.

f) Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias de empresa: 2 puntos.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha delas teranse en conta os seguintes criterios de desempate pola orde que segue:

a) Forma xurídica da empresa: Primarase as cooperativas por riba das outras formas xurídicas.

b) Sector de actividade: Os sectores que terán primacía sobre os demais serán (terán o mesmo peso entre eles):

c) -Transformación e elaboración de produtos Hortofrutícolas locais.

d) -Sector turístico.

e) -Sector do mar.

f) -Aquelas empresas que oferten produtos ou servizos que previamente non existían no termo municipal de Cariño.

g) Número de postos de traballo creados.

h) Colectivo o que pertencen as persoas titulares e os cotitulares.

i) Que se recibira asesoramento polo servizo da Oficina de Emprego e Desenvolvemento

j) Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias de empresa.

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

a) Solicitude (Anexo I).

b) Declaración xurada do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases (Anexo II C).

c) Fotopia compulsada do DNI do solicitante e, no seu caso, do seu representante legal. No caso de traballadores autónomos estranxeiros non comunitarios permiso de residencia e permiso de traballo.

d) Fotopia compulsada do NIF da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/ comeneiros/as. No caso de sociedades o NIF do representante da empresa e dos socios que se autoempreguen.

e) Fotopia compulsada do Contrato/escritura de constitución da empresa. No caso de sociedades mercantís deberá achegar tamén a copia dos estatutos sociais e acreditar a inscrición da empresa no Rexistro Mercantil.

f) Certificación dos datos bancarios do solicitante.

g) Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas (Anexo III).

h) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade. Poderase dar autorización expresa ao concello para solicitar os Certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, coa AET e coa Consellería de Facenda. (Anexo IV A, B e C).). Comprobarase de oficio que o solicitante se atope ao corrente nas obrigas tributarias municipais.

i) Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de avaliación establecidos nestas bases.

j) Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (comunicacións internas, externas, páxina web ou publicidade en galego).

k) Alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos empresarios/promotores.

l) Alta no IAE de empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).

m) Fotocopia compulsada da licenza de obra/actividade ou da solicitude das mesmas, de seren necesarias, ou fotocopia compulsada da presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

n) Anexo V ou calquera outra memoria do proxecto empresarial a desenvolver, respectando o contido mínimo deste anexo.

o) Relación dos gastos subvencionables acompañados de orzamentos e de facturas e acreditación, no seu caso, do seu pagamento (Anexo VI).

7. FORMA DE PAGAMENTO.

1.-O aboamento da subvención efectuarase mediante un pagamento único e o mesmo quedará condicionado a que se acredite a execución da actuación coa presentación da xustificación conforme ao establecido na Base 8 desta convocatoria.

8. XUSTIFICACIÓN PARA O SEU ABOAMENTO

Con carácter xeral, o pagamento realizarase mediante un pagamento único logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para isto deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto.

8.1.-A xustificación deberá realizarse mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Cariño, no prazo máximo de 5 días hábiles, a contar desde a notificación do acordo de concesión, da seguinte documentación:

a) Xustificación da subvención (Anexo VII).

b) Conta xustificativa dos gastos totais subvencionados. (Anexo VIII). No caso de solicitar axudas a outros organismos, para a mesma finalidade, deberán relacionarse nesta conta xustificativa gastos polo importe total resultante da suma de todas esas axudas.

c) Facturas polo importe total da subvención outorgada polo Concello de Cariño xunto cos recibos ou certificacións bancarias acreditativas do seu pagamento, no caso que non estivera xa presentada xunto coa solicitude de subvención. Ou Calquera outro medio de xustificación de valor probatorio con validez no tráfico xurídico mercantil, que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención, e que deberán ser concretados nas bases da convocatoria ou no correspondente convenio.

d) Memoria detallada da actividade desenvolvida e declaración de ter cumprido o obxecto da subvención.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións de Galicia, deba solicitar a persoa beneficiaria.

f) Fotografía do cartel informativo.

Comprobarase que os solicitantes, e os socios promotores se atopan ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Cariño.

8.2.-No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento presentado e/ou do importe da subvención concedida aboarase a totalidade da subvención, mentres que para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de 5 días hábiles para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo concedido a tal efecto, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, se fose o caso, aplicando o coeficiente de financiamento.

Cariño, a 11 de Outubro de 2018 O Alcalde; Asdo: José Miguel Alonso Pumar

ANEXO I SOLICITUDE

PROGRAMA “CARIÑO EMPRENDE” DE AXUDA Á CREACIÓN DE EMPRESAS, FOMENTO DO EMPREGO E DESENVOLVEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL PARA O ANO 2018:

- PROGRAMA I: AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS.
- PROGRAMA II: AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN.
- PROGRAMA III: AXUDAS MUNICIPAIS Á MELLORA DO TECIDO EMPRESARIAL

DATOS DO/A SOLICITANTE				
Apelidos e nome:			DNI/NIF:	
en calidade de:	da empresa-(Razón social)		CIF/NIF:	
Enderezo:		Nº	Piso:	C.P.:
Localidade:	Correo electrónico:		Teléfono:	

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN				
Enderezo:		Nº	Piso:	C.P.:
Localidade:	Correo electrónico:		Teléfono:	

DATOS SOCIOS PROMOTORES(*)				
Apelidos e nome:			DNI	
Enderezo:		Nº	Piso:	C.P.:
Localidade:	Correo electrónico:		Teléfono:	

() No caso de ser máis de un socio/promotor, relacionarase en folla aparte os datos de todos os socios promotores da empresa*

Vistas as bases da convocatoria do **programa municipal “Cariño emprende” de axuda á creación de empresas, fomento do emprego e desenvolvemento do tecido empresarial**, correspondentes ao ano 2018, publicadas no BOP de data

SOLICITO:

Que sexa admitida a trámite a presente solicitude de axuda polo importe de €

Por todo isto, xúntanse os seguintes documentos esixidos nas Bases da convocatoria (marcar cun X o que proceda):

1. Documentación común ós tres programas :

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases (Anexo II).
- Fotopia compulsada do DNI do solicitante e, no seu caso, do seu representante legal. No caso de traballadores autónomos estranxeiros non comunitarios permiso de residencia e permiso de traballo.
- Fotopia compulsada do NIF da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneiros/as. No caso de sociedades o NIF do representante da empresa e dos socios que se autoempreguen.
- Fotopia compulsada do Contrato/escritura de constitución da empresa. No caso de sociedades mercantís deberá achegar tamén a copia dos estatutos sociais e acreditar a inscrición da empresa no Rexistro Mercantil.
- Certificación dos datos bancarios do solicitante.
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas (Anexo III).
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade, ou autorización expresa ao concello para solicita-las. (Anexo IV A,B e C). Comprobarase de oficio que o solicitante se atope ao corrente nas obrigas tributarias municipais.
- Relación dos gastos subvencionables acompañados de orzamentos e de facturas e acreditación, no seu caso, do seu pagamento (Anexo VI)
- Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de avaliación establecidos nestas bases.
- Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (comunicacións internas, externas, páxina web ou publicidade en galego).
- Certificados ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

2. Documentación Programa I: Axudas municipais á creación de empresas:

- Certificado de inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego con anterioridade á data de inicio da actividade ou da contratación pola empresa. No caso de non estar inscrito con anterioridade, informe de vida laboral.
- Orixinal ou fotocopia compulsada do informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional correspondente.
- Alta no IAE de empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Fotocopia compulsada da licenza de obra/actividade ou da solicitude das mesmas, de seren necesarias, ou fotocopia compulsada da presentación da declaración responsable ou comunicación previa.
- Anexo V ou calquera outra memoria do proxecto empresarial a desenvolver, respectando o contido mínimo deste anexo.

3. Documentación Programa II: Axudas municipais á contratación:**3.1. Documentación relativa a cada traballador/a obxecto da subvención.**

- Fotocopia compulsada do DNI da persoa ou persoas traballadoras obxecto da contratación.
- Certificado de inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego con anterioridade á data de inicio da actividade ou da contratación pola empresa. No caso de non estar inscrito con anterioridade, informe de vida laboral.
- Orixinal ou fotocopia compulsada do informe de vida laboral de cada traballador/a obxecto da subvención, da Tesourería Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada do contrato de traballo, rexistrado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

3.2. Documentación relativa á empresa.

- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos empresarios/promotores.
- Alta no IAE de empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).

4. Documentación Programa III: Axudas municipais á mellora do tecido empresarial:

- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos empresarios/promotores.
- Alta no IAE de empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Fotocopia compulsada da licenza de obra/actividade ou da solicitude das mesmas, de seren necesarias, ou fotocopia compulsada da presentación da declaración responsable ou comunicación previa.
- Anexo V ou calquera outra memoria do proxecto empresarial a desenvolver, respectando o contido mínimo deste anexo.

Cariño, de de 2018

Asdo:

ANEXO II A: Programa I: axudas municipais á creación de empresas.

DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

ESIXIDOS NA BASES REGULADORAS

Don/Dona, con DNI, en representación da empresa, con CIF/NIF

DECLARO:

Que a empresa á que represento cumpre cos requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do programa “Cariño emprende”, Programa I: **axudas municipais á creación de empresas.**

Son un/unha empresario/a individual ou unha PEME	Empresario individual	PEME
A empresa, de nova creación, iniciou a súa actividade o día/...../20.....	
Desempregado/a, a data de inicio da actividade, durante	Meses/anos	
Capital social que posúo na empresa%	
A empresa conta con enderezo fiscal e social e o seu centro de traballo no Concello de Cariño, en: enderezo fiscal enderezo do centro de traballo	Enderezo:	
Creouse, como mínimo, os postos de traballo (incluído promotor/promotores)postos de traballo	
É unha empresa viable técnica, económica e financeiramente, cunha inversión de		
A empresa non teñen débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), nin co Concello de Cariño	SI	NON
O/s promotores/as da empresa non desenvolveron igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nin estiveron de alta coo traballadores/as autónomos/as	SI (cantos meses) meses	NON
Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as), segundo o estipulado nas bases de convocatoria.	SI	NON
Non son socio/a promotor/a doutra empresa que se adique á mesma ou similar actividade	SI	NON

Cariño, de de 2018

Asdo:

ANEXO II B: Programa II: axudas municipais á contratación.

DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS NA BASES REGULADORAS

Don/Dona, con DNI, en
representación da empresa, con CIF/NIF

DECLARO:

Que a empresa á que represento
cumpre cos requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do programa **“Cariño emprende” Programa II:
axudas municipais á contratación.**

Son un/unha empresario/a individual ou unha PEME	Empresario individual	PEME
A empresa é de nova creación	SI , data de creación/...../20.....	NON , data de creación/...../.....
As persoas empregadas obxecto desta subvención atopábanse en situación de desemprego anteriormente a contratación pola empresa/empresario e están empadroadas no Concello de Cariño.	SI	NON
A empresa conta con enderezo fiscal e social e o seu centro de traballo no Concello de Cariño, en: endereço fiscal endereço do centro de traballo	Enderezo:	
Creáronse postos de traballo.postos de traballo	
É unha empresa viable técnica, económica e financeiramente, cunha inversión de		
A empresa non ten débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), nin co Concello de Cariño	SI	NON
Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as), segundo o estipulado nas bases de convocatoria.	SI	NON

Cariño, de de 2018

Asdo:

ANEXO II C: Programa III: axudas municipais á mellora do tecido empresarial.
DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS
ESIXIDOS NA BASES REGULADORAS

Don/Dona, con DNI, en
representación da empresa, con CIF/NIF

DECLARO:

Que a empresa á que represento
cumpre cos requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do programa “Cariño emprende” Programa III:
axudas municipais á mellora do tecido empresarial.

Son un/unha empresario/a individual ou unha PEME	Empresario individual	PEME
A empresa conta con enderezo fiscal e social e o seu centro de traballo no Concello de Cariño, en: enderezo fiscal enderezo do centro de traballo	Enderezo:	
As actividades/inversións que pretenden ser obxecto da subvención melloran o tecido empresarial,	SI	NON
É unha empresa viable técnica, económica e financeiramente, cunha inversión de		
A empresa non teñen débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), nin co Concello de Cariño	SI	NON
Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as), segundo o estipulado nas bases de convocatoria.	SI	NON

Cariño, de de 2018

Asdo:

ANEXO III¹

DECLARACIÓN XURADA DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

Don/Dona, con DNI, núm,
representante da empresa, con
CIF/NIF,, solicitante dunha subvención ao abeiro da convocatoria, para o ano 2018 do
programa “Cariño emprende” de axudas á creación de empresas, fomento do emprego e
desenvolvemento do tecido empresarial para o ano 2018.

PROGRAMA I: AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS.

PROGRAMA II: AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN.

PROGRAMA III: AXUDAS MUNICIPAIS Á MELLORA DO TECIDO EMPRESARIAL

DECLARO:

Non ter solicitada ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para a mesma finalidade.

Ter solicitada e /ou concedida algunha subvención, de administración ou entidades públicas, para a mesma finalidade:

Concepto axuda solicitada	importe	Administración ou entidade pública	Orde reguladora

Concepto axuda solicitada	importe	Administración ou entidade pública	Orde reguladora

Cariño, de de 2018

Asdo:

¹ Deberá presentarse un Anexo por cada programa solicitado.

ANEXO IV A

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA RECABAR DATOS DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL RELATIVOS Á SITUACIÓN DE DÉBEDA

A persoa que asina este documento **autoriza ao CONCELLO DE Cariño** a solicitar da Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos relativos á situación de débeda coa Seguridade Social para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención e/o axuda ao abeiro do **“Programa de axudas municipais á creación de empresas, fomento do emprego e desenvolvemento do tecido empresarial”**, para o ano 2018.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN

Apelidos e nome/razón social	
NIF	SIGNATURA, no caso de persoa física

B.- DATOS DO AUTORIZADOR

Apelidos e nome/razón social	En calidade de
NIF	SIGNATURA

Cariño, de de 2018

Asdo:

ANEXO IV B

AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

A persoa que asina este documento **autoriza ao CONCELLO DE Cariño** a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención e/o axuda ao abeiro do “Programa de axudas municipais á creación de empresas”, para o ano 2018.

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación ao disposto no artigo 95.1k) da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN

Apelidos e nome/razón social	
NIF	SIGNATURA, no caso de persoa física

B.- DATOS DO AUTORIZADOR, só no caso de persoa xurídica ou entidade do art. 35.4 da LXT

Apelidos e nome/razón social	En calidade de
NIF	SIGNATURA

Cariño, de de 2018

Asdo:

ANEXO IV C

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA RECABAR DATOS DA CONSELLERÍA DE FACENDA RELATIVOS Á SITUACIÓN DE DÉBEDA

A persoa que asina este documento **autoriza ao CONCELLO DE Cariño** a solicitar da Consellería de Facenda os datos relativos á situación de débeda coa Seguridade Social para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención e/o axuda ao abeiro do “**Programa de axudas municipais á creación de empresas, fomento do emprego e desenvolvemento do tecido empresarial**”, para o ano 2018.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN

Apelidos e nome/razón social	
NIF	SINATURA, no caso de persoa física

B.- DATOS DO AUTORIZADOR

Apelidos e nome/razón social		En calidade de
NIF	SINATURA	

Cariño, de de 2018

Asdo:

ANEXO V

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO EMPRESARIAL PARA O:

PROGRAMA I: AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS

 PROGRAMA III: AXUDAS Á MELLORA DO TECIDO EMPRESARIAL.**1. DATOS DOS/DAS EMPRENDEDORES/AS – REPRESENTANTE DA EMPRESA**

nome do promotor/a		
data nacemento	DNI	Teléfonos
Enderezo	Localidade	
Formación e experiencia laboral no sector		

2. DESCRICIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL

NOME DA EMPRESA		
ENDEREZO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
FORMA XURÍDICA	DATA INICIO ACTIVIDADE	EPÍGRAFE IAE
ACTIVIDADES DA EMPRESA		

SERVIZOS QUE SE PRESTAN, MERCADO, CLIENTE, COMPETIDORES, ETC.

3. PLAN ECONÓMICO- FINANCEIRO

PLAN DE INVESTIMENTO

CONCEPTO	CUSTO	IVE
EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN		
MAQUINARIA, FERRAMENTAS		
ELEMENTOS DE TRANSPORTE		
EQUIPOS INFORMÁTICOS		
ADECUACIÓN / REFORMA LOCAIS		
TOTAIS		

CONCEPTO	IMPORTE (EUROS)
CONTRIBUCIÓN DO PROMOTOR	
PRÉSTAMOS	
SUBVENCIONES	
TOTAL FINANCIAMENTO	

4. (A CUBRIR SÓ POLOS SOLICITANTES DO PROGRAMA III: AXUDAS MUNICIPAIS Á MELLORA DO TECIDO EMPRESARIAL)

**XUSTIFICACIÓN DA MELLORA DO TECIDO EMPRESARIAL A TRAVÉS DAS ACTIVIDADES/INVERSIÓNS
OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

CONTA DE RESULTADOS PROVISIONAL

CONCEPTO	ANO 1	ANO 2	ANO
Ingresos			
Vendas ou prestacións de servizos			
Outros ingresos			
Gastos variables			
Gastos por compras			
Outros gastos variables			
Gastos de persoal			
Anticipos dos/as socios/as			
Soldos e salarios			
Seguridade Social			
Servizos exteriores			
Alugueiro			
Material de oficina			
Servizos profesionais independentes (asesoría)			
Primas de seguros			
Subministracións (auga, electricidade, gas, etc)			
Gasto teléfono			
Publicidade, imprenta, propaganda, etc.			
Transportes			
Servizos bancarios e similares			
Cota de leasing/renting			
Reparacións, conservación e outros			
Tributos			
IAE			
Lixo			
Gastos financeiros			
Outros (desconto, tarxetas, etc)			
Ingresos-gastos			
Amortización do inmovilizado			
BAIT			
Xuros do préstamo			
BAT			
Imposto sobre beneficio			
BENEFICIO NETO			

Cariño, de de 2018

Sinatura:

ANEXO VI

RELACIÓN DE GASTOS SUBVENCIONABLES

PROGRAMA "CARIÑO EMPRENDE" DE AXUDA Á CREAÇÃO DE EMPRESAS, FOMENTO DO EMPREGO E DESENVOLVEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL PARA O ANO 2018:

- PROGRAMA I: AXUDAS MUNICIPAIS Á CREAÇÃO DE EMPRESAS.
 PROGRAMA II: AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN.
 PROGRAMA III: AXUDAS MUNICIPAIS Á MELLORA DO TECIDO EMPRESARIAL

DATOS DO/A SOLICITANTE				
Apelidos e nome:			DNI/NIF:	
en calidade de:	da empresa-(Razón social)		CIF/NIF:	
Enderezo:		Nº	Piso:	C.P.:
Localidade:	Correo electrónico:		Teléfono:	

Representante (no seu caso)

Nome:

NIF:

Gasto subvencionable ²	Orzamento	Importe do gasto subvencionable imputado a subvención.	Nº de Factura ³

Acompaño orzamentos e/ou facturas e acreditación, no seu caso, do seu pagamento.

Cariño, de de 2018

Sinatura:

² Segundo o establecido nestas bases. **No caso de existir mais gastos subvencionables dos que poden contemplar na táboa, xunte fotocopias deste anexo**

³ Nº que consta na factura se houbera.

ANEXO VII**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

PROGRAMA “CARIÑO EMPRENDE” DE AXUDA Á CREACIÓN DE EMPRESAS, FOMENTO DO EMPREGO E DESENVOLVEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL PARA O ANO 2018:

- PROGRAMA I: AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS.
 PROGRAMA II: AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN.
 PROGRAMA III: AXUDAS MUNICIPAIS Á MELLORA DO TECIDO EMPRESARIAL

DATOS DO/A SOLICITANTE				
Apelidos e nome:			DNI/NIF:	
en calidade de:	da empresa-(Razón social)		CIF/NIF:	
Enderezo:		Nº	Piso:	C.P.:
Localidade:	Correo electrónico:		Teléfono:	

Representante (no seu caso)**Nome:****NIF:**

Resolta a concesión dunha subvención a esta actividade no marco do Programa “Cariño emprende” de axuda á creación de empresas, fomento do emprego e desenvolvemento do tecido empresarial para o ano 2018, do Concello de Cariño. Para a súa xustificación e previo o pagamento da subvención,

CERTIFÍCASE: Que a totalidade dos gastos presentados resultan subvencionables conforme os requisitos e criterios establecidos nas Bases da convocatoria desta subvención, o cal se acredita mediante a presentación dos seguintes documentos:

Documentación xustificativa: Para Programa I de axudas á creación de empresas e Programa III de axudas á mellora do tecido empresarial.

- Conta xustificativa dos gastos totais subvencionados (Anexo VIII). No caso de solicitar axudas a outros organismos, para a mesma finalidade, deberán relacionarse nesta conta xustificativa gastos polo importe total resultante da suma de todas esas axudas.
- Facturas polo importe total da subvención outorgada polo Concello de Cariño xunto cos recibos ou certificacións bancarias acreditativas do seu pagamento, no caso que non estivera xa presentada xunto coa solicitude de subvención.
- Memoria detallada da actividade desenvolvida e declaración de ter cumprido o obxecto da subvención.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións de Galicia, deba solicitar a persoa beneficiaria.
- Declaración xurada actualizada das axudas solicitadas ou concedidas (Anexo III).
- Fotografía do cartel informativo.

Documentación xustificativa: Programa II de axudas á contratación.

-Se o período de contratación non houberse rematado antes da xustificación do aboamento da contía subvencionada:

- Informe de vida laboral da empresa onde se reflexe o período de contratación da persoa obxecto de subvención até o momento do período de xustificación para o aboamento
- ITC2 dos meses en que o traballador subvencionado estivese contratado até o momento do período de xustificación para o aboamento
- Fotografía do cartel informativo.

-Se o período de contratación houberse rematado antes da xustificación do aboamento da contía subvencionada:

- Informe de vida laboral da empresa onde se reflexe o período de contratación da persoa obxecto de subvención.
- ITC2 dos meses en que o traballador subvencionado estivese contratado.
- Fotografía do cartel informativo.

Cariño, de de 2018

Sinatura:

ANEXO VIII

CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS TOTAIS SUBVENCIONADOS

PROGRAMA “CARIÑO EMPRENDE” DE AXUDA Á CREACIÓN DE EMPRESAS, FOMENTO DO EMPREGO E DESENVOLVEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL PARA O ANO 2018:

PROGRAMA I: AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS.

PROGRAMA III: AXUDAS MUNICIPAIS Á MELLORA DO TECIDO EMPRESARIAL

Don/Dona _____ en calidade de _____

_____ da empresa (Razón social) _____

_____ DNI/CIF _____

con enderezo _____,

localidade _____ correo electrónico _____ e

teléfono _____

DECLARO

A) Que a para o inicio e a posta en funcionamento da empresa lle foi concedida unha axuda de _____
_____ €, e se realizaron os gastos correntes que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

Nº	Provedor/empresa	NIF/CIF	Nº factura	Data factura	Concepto	Importe

B) Que se xunta a relación da facturas polo importe da subvención concedida e que o resto dos xustificantes se atopan na sede da empresa e a disposición do Concello de Cariño para o seu exame.

C) Que os datos que arriba se detallan son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada.

D) Que a esta entidade, nin aos seus socios promotores SI NON se lle concederon outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

Relación de axudas concedidas e/ou solicitadas		€
a outros organismos públicos e entidades privadas pendentes de resolución.		€

E) Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para cada actuación non superaron o importe total dos gastos devengados.

F) Que o custo total dos gastos ascendeu a _____ €

Cariño, 11 de outubro de 2018

O Alcalde-Presidente

Asdo: José M. Alonso Pumar

2018/7587